



Problema670: Dispónse dunha disolución acuosa saturada de CaCO_3 , en equilibrio co seu sólido; indica como se verá modificada a súa solubilidade ao engadirle Na_2CO_3 , considerando este sal totalmente dissociado. Razona a resposta indicando o equilibrio e a expresión da constante do produto de solubilidade (K_{ps}).



$$K_{ps} = [\text{Ca}^{2+}] \cdot [\text{CO}_3^{2-}] = s \cdot s = s^2$$



Ao engadir carbonato de sodio, sal soluble, estamos a engadir ao equilibrio ións carbonato, que é un ión común ao equilibrio. Ao aumentar a concentración de ións carbonato polo principio de Le Chatelier, o equilibrio desprazarase no sentido no que se contrarreste a modificación realizada, é dicir, desprazarase no sentido en que se consuman ións carbonato, e por tanto diminuirá a solubilidade do carbonato de calcio ao desprazarse o equilibrio cara aos reactivos.